

## ACTA

En Arzúa, a 21 de outubro de 2015.

Sendo as 16.00 horas, reúnen-se no Salón de Actos da Casa da Cultura, sita na rúa Santiago, nº 60 de Arzúa, os membros integrantes do Tribunal Cualificador, que valorará a **proba práctica** de que consta a oposición convocada para poder levar a cabo a contratación laboral temporal a xornada parcial, durante o curso lectivo 2015-2016, de oito profesores de música, para desempeñar o posto de traballo de profesor do Conservatorio profesional de Música e na Escola Municipal de Música de Arzúa (ubicado na Casa da Cultura), nas seguintes especialidades: Guitarra, Percusión, Piano, Tuba/Trombón, Trompa/Trompeta, Contrabaixo/Violonchelo, Violín/Viola e de Canto; cuxa proba consistirá na interpretación dunha obra musical de libre elección, por cada un dos aspirantes que compareceron a realizar este exercicio, a que se refire a Base Sexta apartado 2 nº 2, das aprobadas para rexir a oposición; acordándose esta contratación a través das Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de agosto de 2015, que foron modificadas por outro acordo adoptado tamén pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 26 do mesmo mes de agosto.

Asisten a dito acto os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

\* Presidente: D. Mateo Arnaiz Rodríguez, profesor de guitarra no Conservatorio profesional de música de A Coruña.

\* Vogais:

- Dona Carmén María Ferreiro Soto, profesora de frauta traveseira no Conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela.

- Don Ricardo Olivet Sorera, músico integrante da Banda Militar de música de Marín na especialidade de tuba.

- Dona Blanca Bello Sobral, profesora de música no Instituto de Educación Secundaria “Francisco Aguiar” de Betanzos.

\* Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, secretario do Concello de Arzúa.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, -de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-; o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, dispoñendo seguidamente que se ía proceder sen máis demora a chamar aos aspirantes presentados, para que realizasen individualmente a proba práctica prevista para o día de hoxe.

Coñecido por todos os aspirantes que compareceron a realizar este segundo exercicio da oposición:

a) Que a orde que se ía seguir, para que os aspirantes realizasen a interpretación da obra musical, sería a orde alfabética da letra pola que empezan os seus primeiros apelidos; cuxo orde quedou recollido no folio pegado con celo na porta de entrada no Salón de Actos, onde quedarían os aspirantes ata ser chamados, sucesivamente, para realizar a proba práctica na Aula Central onde se atopan os instrumentos de percusión e o piano.

b) Que a duración máxima da interpretación da obra musical será de cinco minutos.

c) Que deberán entregar ao Tribunal Cualificador unha fotocopia da partitura no momento anterior a súa interpretación.

d) Que dito exercicio será valorado cunha puntuación máxima de 5 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 2,5 puntos para non quedar eliminado.

Rematada a proba práctica, os membros de Tribunal Cualificador procederon a ordenar e contrastar as anotacións que sucesivamente foron tomando durante e despois da interpretación da obra musical que realizou cada aspirante.

Efectuado o cal, considerouse oportuno reparar as puntuacións outorgadas a cada aspirante, comprobando de novo as anotacións que apuntara cada membro do Tribunal Cualificador; outorgándose as puntuacións que deseguido se indican:

Apelidos e nome	Proba práctica.
1. Agulló Albors, Germán (percusión)	4
2. Balado Seoane, Marcos Claudio (violín/viola)	3
3. Calvo Méndez, Alfonso (contrabaixo/violonchelo)	3,8
4. Canosa Carballo, José Manuel (contrabaixo/violonchelo)	3,8
5. Canoura López, Olalla (violín)	Non compareceu
6. Carrasco del Pozo, Rafael (violín/viola)	Non compareceu
7. Del Rio Otero, Alfonso (trompeta)	2,5
8. Expósito Cao, Montserrat (canto)	3,5
9. Fernandez García, Carlos (piano)	3,3
10. Fernández Rodríguez, Xavier (violín/viola)	Non compareceu
11. Fernández Soto, Iván (piano)	4
12. Gestal Rey, Moisés (violín/viola)	3,50
13. Gómez Fuentes, Santiago (trompa/trompeta)	3,8
14. Gómez Ladrón de Guevara, Elena (violín/viola)	4,2
15. González Castro, Rubén (tuba/trombón)	3,5
16. González Mato, Diego Manuel (trompeta)	3,5
17. López López, David (violín/viola)	3,5
18. Loureiro Buján, Francisco Javier (guitarra)	2,5
19. Ramos Fernández, Raúl (trompeta)	3,3
20. Real López, Adrián (trompa/trompeta)	3,5
21. Rodríguez Morente, Ricardo (violín/viola)	2,6
22. Rodríguez Outeda, Juan Antonio (percusión)	Non compareceu
23. Santaclara Ríos, Pablo Emilio (tuba/trombón)	4
24. Varela Pereira, Manuel (tuba/trombón)	3,5

Polo que, tendo en conta que na Base Sexta nº 3 parágrafo primeiro, das que rixen o proceso de selección, dispónse que “a *cualificación final do proceso de selección n verá determinada pola suma da puntuación correspondente ás probas teórica e práctica*”, procedeuse a sumar as puntuacións obtidas polos aspirantes en cada unha de ditas probas, obtendose o seguinte resultado:

Apelidos e nome	Proba teórica	Proba práctica.	TOTAL
1. Agulló Albors, Germán (percusión)	8	4	12
2. Balado Seoane, Marcos Claudio (violín/viola)	7,5	3	10,3
3. Calvo Méndez, Alfonso (contrabaixo/violonchelo)	6,25	3,8	9,05
4. Canosa Carballo, José Manuel (contrabaixo/violonchelo)	6,5	3,8	10,3
5. Canoura López, Olalla (violín)	7	Non compareceu	
6. Carrasco del Pozo, Rafael (violín/viola)	5	Non compareceu	
7. Del Rio Otero, Alfonso (trompeta)	6	2,5	8,5
8. Expósito Cao, Montserrat (canto)	5	3,5	8,5
9. Fernandez García, Carlos (piano)	7,4	3,3	10,7
10. Fernández Rodríguez, Xavier (violín/viola)	6	Non compareceu	
11. Fernández Soto, Iván (piano)	6,7	4	10,7
12. Gestal Rey, Moisés (violín/viola)	6,75	3,50	10,25
13. Gómez Fuentes, Santiago (trompa/trompeta)	8	3,8	11,8
14. Gómez Ladrón de Guevara, Elena (violín/viola)	7,5	4,2	11,7
15. González Castro, Rubén (tuba/trombón)	8	3,5	11,5
16. González Mato, Diego Manuel (trompeta)	7,3	3,5	10,8
17. López López, David (violín/viola)	7	3,5	10,5
18. Loureiro Buján, Francisco Javier (guitarra)	5	2,5	7,5
19. Ramos Fernández, Raúl (trompeta)	5	3,3	8,3
20. Real López, Adrián (trompa/trompeta)	7	3,5	10,5
21. Rodríguez Morente, Ricardo (violín/viola)	8,5	2,6	11,10
22. Rodríguez Outeda, Juan Antonio (percusión)	6	Non compareceu	
23. Santaclara Ríos, Pablo Emilio (tuba/trombón)	5,5	4	9,5
24. Varela Pereira, Manuel (tuba/trombón)	6	3,5	9,5

Polo que tendo en conta que, conforme se dispón na Base Sexta nº 3, parágrafo terceiro “o Tribunal Cualificador proporá ao alcalde a contratación do aspirante que obtivera a maior puntuación segundo a especialidade de que se trate, sempre e cando obtivese a cualificación de “apto” na proba de galego; sen que poidan ser propostos mais aspirantes que os correspondentes aos postos de traballo que se pretenden contratar”.

Adoptáronse –por unanimidade dos catro integrantes do Tribunal Cualificador con dereito a voto- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Formular a **proposta inicial de contratación** a favor dos aspirantes que deseguido se indican, posto que todos eles superaron as puntuacións mínimas para non quedar eliminados:

- 1.- Na especialidade de guitarra .....D. **Franciso Javier Loureiro Buján**
- 2.- Na especialidade de percusión .....D. **Germán Agulló Albors**
- 3.- Na especialidade de tuba/trombón ..... D. **Rubén González Castro**
- 4.- Na especialidade de trompa/trompeta ...D. **Santiago Gómez Fuentes**
- 5.- Na especialidade de contrabaixo/violonchelo...D. **José Manuel Canosa Carballo.**
- 6.- Na especialidade de violín/viola .....D<sup>a</sup>. **Elena Gómez Ladrón de Guevara.**
- 7- Na especialidade de canto .....D<sup>a</sup>. **Montserrat Exposito Cao.**

**Segundo.**- Facer saber aos sete aspirantes indicados que a proposta de contratación ao seu favor, a que se refire o acordo anterior, quedará elevada a definitiva, en canto a aqueles aspirantes que obteñan a cualificación de apto na proba de

coñecemento do idioma galego que realizárase o vindeiro día 27 de outubro (martes), ás 11.00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello, cuxa proba deberán realizar só os aspirantes que non acreditaran estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

De maneira que se algún dos sete aspirantes indicados obtivera a cualificación de non apto en dita proba, quedará eliminado deste proceso de selección, e a proposta de contratación realizada inicialmente se trasladará con carácter definitivo a favor do seguinte aspirante en orde de puntuación.

**Terceiro.**- Concretar que, **en canto a especialidade de piano**, ao obter a mesma puntuación total os dous aspirantes que compareceron a realizar as dúas probas (don Carlos Fernández García e don Ivan Fernández Soto), **decidiuse esperar a ver o resultado da proba sobre coñecemento do idioma galego**, que terá lugar o día 27 de outubro (martes); e –para o suposto de que non quede eliminado o Sr. Fernández Soto– convocar a ambos aspirantes para o día, hora e lugar que se concrete nesa reunión do vindeiro martes, para resolver o empate mediante a realización dunha entrevista que versará sobre o currículo vitae de cada aspirante e a adecuación e coñecementos do mesmo en relación co posto de traballo, tal como se establece para este tipo de situacións na Base Sexta nº 4 das que rixen o proceso de selección.

**Cuarto.**- Facer saber que a Base Sexta nº 2 punto 2 das que rixen a oposición, establece que os aspirantes que non obtivesen unha puntuación mínima, de 2,5 puntos, na proba práctica realizada no día de hoxe, quedarían eliminados; polo que, en consecuencia coas puntuacións outorgadas a cada aspirante, ningún –dos vinte aspirantes que compareceron a realizar esta proba práctica– quedou eliminado; pero si quedaron eliminados os seguintes catro aspirantes que non compareceron a realizar a proba: Olalla Canoura López (*violín/viola*), Rafael Carrasco del Pozo (*violín/viola*), Xavier Fernández Rodríguez (*violín/ viola*) e Juan Antonio Rodríguez Outeda (*percusión*).

**Quinto.**- Publicar unha copia da presente acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web, para dar a coñecer:

a) Tanto os resultados totais resultantes da suma das puntuacións outorgadas na proba teórica e na proba práctica.

b) Como as propostas de contratación que quedaron transcritas.

c) E igualmente a forma en que se reolverá o empate obtido polos dous aspirantes ao posto de traballo de profesor de piano.

Todo iso, a reserva da cualificación de “apto” ou “non apto” que se obteña na proba de coñecemento do idioma galego.

Co cal douse por rematado o acto, ás 20.35 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente. De todo cal dou fe.